



Conexión ao escritorio remoto en MAC

Manual de usuario



CONEXIÓN AO ESCRITORIO REMOTO EN MAC


Unha vez conectado o equipo MAC a Rede Corporativa da Xunta de Galicia por VPN coa aplicación por **Cisco Anyconnect Secure Mobility**, para conectarse por escritorio remoto ao equipo corporativo deberase descargar no equipo unha aplicación de acceso remoto como por exemplo a aplicación **Microsoft Remote Desktop 10** dende o almacén de aplicación “App Store” do equipo. No seguinte apartado indícanse as instrucións para a instalación da mesma.



Microsoft Remote Desktop
Work from anywhere
Microsoft Corporation
★★★★★ 4.5 + 38.5M Ratings
Free

Instalación da aplicación Microsoft Remote Desktop


1 Unha vez descargada a aplicación Microsoft Remote Desktop no equipo, abrir a mesma e, a continuación, pulsar sobre a opción **New** para crear a conexión ao escritorio remoto.



2 Na venta que se amosa deberanse cumprimentar os seguintes campos:


- **Connection name:** establecer un nome para a conexión remota
- **PC name:** indicar dirección IP do equipo con Windows en cuestión ao que se precise conectar
- **User name:** usuario empregado para o inicio de sesión de Windows no equipo de traballo corporativos. Debe seguir a nomenclatura *xunta.local\usuario*
- **Password:** contrasinal empregada para o inicio de sesión de Windows no equipo de traballo corporativos


O resto de opcións de configuración deben quedar como se amosa na seguinte imaxe:





CONEXIÓN AO ESCRITORIO REMOTO EN MAC

- 3 Gardar a conexión ao equipo remoto creada facendo clic no botón de cerrar  de tal xeito que aparecerá a mesma na pantalla de inicio da aplicación:



- 4 Facer clic na conexión creada para iniciar a conexión remota ao equipo.

